



Paso atrás

Derrota dos xuvenís da A.D.R. Numancia de Ares fronte o Meirás C.F. por 1 a 3 na 5ª xornada de Copa Local no seu grupo A. O partido disputado no serán do sábado chegou ó descanso con empate a un tanto no marcador. Prados Vellos, Ares a 4 de outubro de 2014.

Aliñacións: A.D.R.

Numancia de Are

s: Roberto, Emi, Rolo (David), Pablo Cartelle, Nico, Martín, Iván (C), Miguelín (José Manuel), Miguelito (Miguel), Carlos e Marcelo.

Adestrador: Alejandro González Domínguez

Delegado: José Antonio Couce Iglesias

Meirás C.F.

: Javier, Óscar (Alex Dopico), Jesús, Samuel, Iván Freire, Sergio Castro, Jonathan (C), Miguel Usín, Miguel Pena (Isma), Santiago (Iago López), Pablo (Iago Couce)

Adestrador: César López Souto

Delegado: Santiago Franco López

Árbitro:

D. Borja Gundín Barreiro, amosou cartóns amarelos a Nico polo Numancia e a Iván, Jonathan e Isma polo Meirás.

Goles:

Miguelito para o Numancia e Pablo, Iago López e Jonathan para o Meirás.

1 - 0 (11')

Miguelito

: Xogada en tres cuartos de campo visitante con pase de Iván sobre a entrada de Miguelito o borde da área. Este último controla o balón e elévao por riba do meta visitante.

1 - 1 (35')

Pablo

: Cambio de xogo dende banda esquerda ás costas da defensa local preto do pico da área pola banda dereita do ataque visitante. O balón é controlado por Pablo quen adentándose na área bate por baixo a Roberto.

1 - 2 (86')

Iago López

: Entrada por banda dereita e balón ó punto de penalti para que Iago López fusile a Roberto anotando o segundo tanto visitante.

1 - 3 (89')

Jonathan

: Con o equipo local en busca do empate un roubo de balón permite montar unha contra chegando o balón a Jonathan quen dende a banda dereita entra en diagonal batendo a Roberto na súa saída.

O equipo aresán iniciou o encontro ben plantado no campo xerando perigo e conseguiu adiantarse no marcador grazas a unha boa xogada entre Iván e Miguelito. Pouco a pouco o Meirás foi chegando á meta local e necesitouse das boas intervencións de Roberto para manter a porta a cero.

Con vantaxe no marcador os locais dispuxeron de dúas boas accións pero o meta visitante Javier tamén fixo ben o seu traballo e evitou os tantos numantinos.

Pouco a pouco o conxunto local cedía o medio campo e o perigo comezaba a chegar polas bandas. Así no minuto 35 lograría o empate Pablo.

O Numancia perdía a batalla en medio campo e facía que a defensa e o porteiro traballaran a reo para conseguir chegar con empate a un tanto ó descanso.

A segunda metade foi dominada polo Meirás, os locais tiñan o equipo partido en dous e o

empate se mantiña grazas ás boas intervencións de Roberto. Con todo o ataque numantino xerou dúas ocasións moi claras para marcar unha sacada polo meta visitante cando o balón buscaba a escuadra e outra con un centro que pasou por diante de defensa e ataque sen que ninguén fora capaz de tocar o balón.

A insistencia visitante tivo premio no minuto 86 anotando o segundo tanto e deixando afundido ós locais que tentaron buscar o gol para empatar pero acabaron recibindo o terceiro.

Mal encontro dos locais, sobre todo na segunda metade, superados en medio campo e sen acerto en ataque. Faltos de intensidade no xogo, concedeuse demasiadas oportunidades ó conxunto rival. Rival que non renunciou ó ataque, e acadou o premio da vitoria. Esta derrota ante un rival directo, supón un paso atrás nas aspiracións numantinas de meterse nos seis primeiros para clasificarse no grupo que xogará polo título e as prazas de ascenso.

[Pulsa no seguinte enlace para ver os resultados e clasificación da xornada](#)